



COSTA DE CANGAS

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 48 km (circular) + camiñadas
Dificultade: baixa




O concello de Cangas está situado na península do Morrazo, entre as rías de Vigo e Aldán. O territorio é moi irregular e ten un grande tramo costeiro moi accidentado e diversificado, con numerosas praias, seos e altos cantís. A costa norte está ocupada pola ría de Aldán que fai un entrante en forma de v con dirección N-S seguindo unha fractura que deu lugar á península de Darbo ou do Hío que pecha a ría de Vigo polo norte. Ao leste atópase unha costa rectilínea de altos cantís (a costa da Vela ou Soavela) e ao sur a costa da ría de Vigo.

- 1-Praia do Canabal
- 2-Praia da Cova da Lontra. Punta das Ratás.
- 3-Punta e praia Rodeira
- 4-CANGAS. Porto.
- 5-O Salgueirón. Praia da Bouciña.
- 6-Cabo Balea
- 7-Praia e porto da Congorza
- 8-A Ribeira do Medio
- 9-Punta do Corveiro e A Redonda
- 10-Praia de Areamilla
- 11.Seo do Rei. Punta do Fanequeiro.
- 12-Puntas Salgueira do Norte e do Sur
- 13-Praia de Santa Marta. Punta Pinela Vella. Praia de Liméns.
- 14-Praias de Temperáns e Area das Moscas
- 15-Pta. da Rocha dos Patos. Praia dos Castros
- 16-Punta Corveiro dos Castros
- 17-Praia da Masa
- 18-Punta Creixiña
- 19-Praias Folla de Nerga, O Con e Nerga.
- 20-Punta Mexilloeira. Praia Area Meán.
- 21-Punta Preguntouro
- 22-Praia de Barra. Rego de Donón.
- 23-Punta Fuciño

- 24-Puntas Sobrido, Pinela Pequena e Grande.
- 25-Praia de Melide
- 26-Punta Robaleira. Pinela da Robaleira.
- 27-Cabo Home. Furna do Cabañón. Furna dos Fenos.
- 28-Seo do Cu do Lobo
- 29-Seo e punta dos Fenos
- 30-Area dos Fenos
- 31-Puntal Bravo
- 32-Punta Gamoura. Miradoiro.
- 33-Punta Vixia/Soavela. Monte Facho.
- 34-A Cortiñanxa
- 35-Repunxeiro
- 36-Puntal da Figueira
- 37-Punta das Osas. As Osas. Cabalo de Aldán.
- 38-Punta da Fontiña. Punta do Couso.
- 39-Praia do Couso. Punta da Furna.
- 40-Praias do Portal e O Carballiño.
- 41-Praia de Rabáns. Punta do Foxo.
- 42-Praia e punta Alada. Praia Estrepeiro.
- 43-Praia de Area Brava
- 44-Punta Ansoela
- 45-Praia de Castiñeira
- 46-Praia de Pipín

- 47-Praia de San Xián
- 48-Punta da Pinela
- 49-Praia de Pinténs
- 50-Punta Fanequeira. Peirao de Ameixide.
- 51-Praia de Arneles
- 52-Punta Testada e praia do Cagallón
- 53-Porto de Vilaríño
- 54-Praia de Vilaríño
- 55-Punta de Vilaríño. Praia dos Picos.
- 56- Río Orxas. Praia de san Cibrán ou de Aldán.
- 57-ALDÁN. Punta do Con e peiraos. Praia de Sestadelo/do Almacén
- 58-Punta e praia da Cova da Balea
- 59-Punta de Pedra Rubia
- 60-Praia de Areacova
- 61-Praia do Francón
- 62-Punta e praia de Sartaxéns
- 63-Puntas Tiradouro e Mendiña do Sur
- 64-Punta Cativa e Laxes da Cativa
- 65-Praia de Mendiña
- 66-Puntas de Mendiña Norte e do Niño do Corvo
- 67-Punta de San Martiño
- 68-Punta do Altar
- 69-Seo e praia de Lagoelas



As principais actividades son a pesca, o marisqueo, os servizos e as industrias relacionadas co mar.

O litoral de Cangas ten un enorme interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico, cunha grande diversidade de rochas e formas de relevo costeiro e de ecosistemas, flora e fauna. Parte da costa está protexida no LIC/ZEC “Costa da Vela”. Cangas acolle tamén un importante patrimonio histórico artístico e etnográfico: castros, pazos, cruceiros, igrexas, casco histórico de Cangas, muíños, pontes, salgas, peiraos tradicionais, embarcacións...

Propoñemos unha viaxe para coñecer os puntos máis interesantes e accesibles da costa de Cangas. De interese etnográfico, paisaxístico e ambiental no que podemos ver vivendas típicas, construcións portuarias, embarcacións de distintos tipos, antigas instalacións industriais e preindustriais, curiosas formacións rochosas e rochas cunha estrutura particular e atractivas paisaxes.

PERCORRIDO

Non é doado facer un percorrido lineal porque en moitos lugares as estradas son moi estreitas e circúlase nun só sentido. Ademais, unha boa parte do litoral é de difícil acceso debido ao relevo ou está ocupado por fábricas, instalacións portuarias ou propiedades particulares. Hai varias zonas sinalizadas nas que se poden facer camiñadas.

A grande amplitude e variedade da costa fai complicado unha visita nunha única xornada, polo que so poderemos visitar os puntos máis singulares e logo sería desexable facer certas zonas de máis vagar. Para gozar de toda a riqueza que no ofrece a costa de Cangas é recomendable facelo fora dos meses de verán, para evitar problemas de circulación e aparcamento, e coa marea baixa para camiñar polos areais. Comezamos na ría de Vigo, na estrada de Cangas a Moaña collemos o desvío que nos achega á **punta e praia de Rodeira**, desde onde podemos ver tamén a **praia da Cova da Lontra**, a **punta e illa dos Ratos** e a **praia de Canabal**.

Volvemos á estrada principal e seguimos ata o centro de **Cangas**, onde podemos facer unha parada para camiñar polo paseo litoral e ver o **porto** e a vila.

Praia dos Alemáns e illa dos Ratos.

RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km e unha profundidade máxima de 44 km. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Seo de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas. Na ría alternanse os tramos rochosos, de pouca altura, os areais e as marismas.



1-Praia do Canabal



2-Praia da Cova da Lontra



Continuamos pola estrada que vaia a O Hío e Aldán e desvíamonos á **punta do Salgueirón** para ver, as **praias do Salgueirón e A Bouciña**, antigos portos e a **fábrica de Massó**. De volta na estrada, un pouco máis adiante collemos o desvío que nos leva ao **Cabo Balea**, á **praia e porto da Congorza**, onde están as antigas **rampas das factorías Baleeiras, a Ribeira do Medio, A Redonda e a punta do Corveiro**. Camiñando un pouco podemos chegar á **praia de Area Milla**. Continuamos uns quilómetros pola estrada principal ata Darbo, onde nos desviamos para ir á **praia de Liméns**. Volvemos atrás e seguimos ata O Hío e desde alí ás **praias de**

Nerga; e de novo volvemos a O Hío para dirixirnos ás **praias de Area Meán e Barra**, desde onde temos á dereita a **punta Sobrido** coas **Pinelas Pequena e Grande** e o **faro**. Na estrada de volta ao Hío collemos o desvío a Donón e achegámonos ao miradoiro da Costa da vela ou Soavela, desde onde saen pistas de terra, á esquerda, para achegarse ao **cabo Home**, á **punta Robaleira**, á **praia de Melide** e á **punta Sobrido**; e á dereita á que leva ao camiño (de facer a pé) que sube ao **Facho de Donón**, onde hai os restos dun **castro** acondicionado e unhas vistas espectaculares sobre a costa. De novo no **Hío** (nalgunha das veces podemos parar a ver o **cruceiro** e a igrexa, e as vistas da ría de Aldán) dirixímonos en dirección á **praia de Area Brava**, o mellor areal desta zona que conserva un bo sistema dunar. Podemos achegarnos tamén, por estradas máis estreitas, ata a **punta de Couso** desde onde podemos camiñar ata a **praia**, o **faro** ou a **punta das Osas**, desde onde hai vistas dos illotes As Osas e o Cabalo de Aldán e da costa da Vela e da punta do Couso. De volta dirixímonos a **Vilariño e Aldán** onde faremos unha parada para ver as **praias e o porto** (un paseo permite percorrer a zona). No camiño ata Aldán hai varias praias ás que hai que achegarse por estradas estreitas ou a pé: **Castiñeira, Pipin, San Xián, Pinténs e Arnelas**.

Desde Aldán seguimos a estrada que vai a Bueu e desvíamonos á **praia de Areacova**, desde a que podemos achegarnos á **punta da Pedra Rubia** e á **praia da Cova da Balea**. Volvemos á estrada e seguimos ata **Menduíña** onde podemos ver a **praia**, a **punta** e as **Laxes da Cativa** e as **puntas de Menduíña Norte** e do **Niño do Corvo**. Aquí rematamos a viaxe. Para achegarnos ao remate da costa do concello hai que facelo a pé ata a **Punta do Altar** e a **praia de Lagoelas**.



3-Punta e praia Rodeira



Praia Rodeira



4-CANGAS. Porto.



5-O Salgueirón e antiga conserveira de Massó



Peirao do Salgueirón



Praia da Bouciña ou da Cunchiña



Rampas da antiga factoría baleeira



6-Cabo Balea



7-Praia e porto da Congorza



8-A Ribeira do Medio



9-Punta Borneira e Con do Corveiro



Lagoa da Congorza



Praia das Vellas



10-Praia de Areamilla desde o Puntal de Areamilla



Praia de Areamilla e punta Niño do Corvo



Enseada e punta de Entremuíños



11.Seo do Rei




Seo do Rei. Praia do Angueiro



Punta do Fanequeiro.



12-Punta Salgueira



Furna do Fornelo ou dos Castros



Seo de Liméns coas puntas do Corveiro e do porto



13-Praia do Porto de Santa Marta



13-Praia de Santa Marta e Punta Pinela Vella



Praia de Liméns e punta da Rochas dos Patos



Praias de Liméns e Santa Marta separadas pelas Pinelas Vella e Nova.



14-Praia de Temperáns



Area das Moscas



15-Punta da Rocha dos Patos



16-Punta Corveiro dos Castros



Praia dos Castros



17-Praia da Masa



18-Punta Creixiña



19-Praia da Folla de Nerga e punta Creixiña



19-Praias Folla de Nerga, O Con e Nerga.



A praias de Nerga e Barra forman un areal de 2 km de lonxitude separadas por saíntes rochosos. Conservan un amplo sistema dunar sobre o que se asenta a flora típica (cebola das gaviotas, tomelo bravo, feo, correola da praia, leiteiras, alhelís, arenarias, paxariños, brións, liques) e un bosque de piñeiro manso. A zona das dunas de Barra ten un grande interese micolóxico. Un estudio revelou a existencia de 140 especies de macromicetes, das que 26 son primeiras citas para Galiza..

Praia de Barra, Punta Preguntoiro, Area Meán, Praia Nova, Punta Mexiloeira, Praia de Nerga, O Con e Nerga e Praia da Folla de Nerga.



22-Praia de Barra






LIC/ZEC COSTA DA VELA. Espazo natural situado no extremo Sur-Leste da Península do Morrazo, limitando coa ría de Vigo polo Sur. Comprende os cantís da Costa da Vela, co espazo marítimo situado fronte a eles, o Cabo Home, a punta Sobrido e as praias e sistemas dunares de Melide e Barra. O primeiro tramo, entre as puntas de Couso e Cabo Home é de cantís graníticos, abruptos e altos. Ao chegar a Cabo Home o aspecto cambia bruscamente debido á intrusión de rochas metamórficas (xistos) que forman parte dun complexo que vai desde Malpica ata o Sur de Galiza. A zona ten un grande valor biolóxico (en especial os fondos mariños), xeolóxico e paisaxístico cunha enorme biodiversidade.



23-Punta Fuciño



24-Puntas Sobrido, Pinela Pequena e Grande.



25-Praia de Melide



Vista da praia de Melide e a punta Sobrido desde a punta Robaleira





Punta Robaleira. Ao fondo as Illas Cíes e a boca da ría de Vigo



27-Cabo Home e ría de Vigo desde o miradiro do Facho de Donón

COSTA DA VELA OU DE SOAVELA. Situada no extremo Sur-Leste da Península do Morrazo. É unha costa de rochas graníticas con cantís de ata 150 m de altura co cumo máis alto no Monte Facho ou Vixía, con 184 m. A parte máis alta da Costa da Vela atópase entre as puntas de Couso e Cabo Home e segue a dirección Norte-Sur, fronte ao Atlántico. É unha costa moi abrupta e pouco accesible con grandes bloques graníticos que se acumulan na beira do mar.



27-Cabo Home

As rochas do cabo Home son metamórficas (xistos) e forman parte do dun complexo que vai desde Malpica ata o Sur de Galiza. A cor escura contrasta co gris claro dos granitos da Costa da Vela e a disposición dos estratos en distintas orientacións con fallas e pregues da lugar a formas de paisaxe dunha beleza especial.



Furna do Cabañón




Furna dos Fenos.



28-Seo do Cu do Lobo e punta dos Fenos



32-Punta Gamoura. Vista desde o Miradoiro.



33-Punta Vixía/Soavela. Monte Facho.



Cantis de Soavela,
debaixo do Monte Facho.

No cume do Facho de Donón atópase unha construción singular de orixe medieval que domina a vista sobre a costa da Vela e a entrada das rías de Vigo e Pontevedra. Ao seu pé hai un castro e o que se cree que foi un santuario dedicado ao deus Berobreo (atopáronse máis de cen aras cerimoniais).





Costa de Soavela desde a punta das Osas



37-Punta das Osas. As Osas e o Cabalo de Aldán



38-Punta da Fontiña



Faro na Punta do Couso.



A ría ou seo de Aldán ábrese entre o Cabo Udra ao norte e a punta de Couso ao sur. No seu fondo desemboca o río Orxas.



Punta de Couso



39-Praia do Couso



Furna de Couso



40-Praias do Portal



Praia do Carballiño



41-Praia de Rabáns



Praia do Foxo.



42-Praia e punta Alada




Praia Estrepeiro



43-Praia de Area Brava



44-Punta Ansoela



Ría de Aldán coa praia de Area Grande e a punta Ansoela no primeiro plano



45-Praia de Castiñeira



46-Praia de Pipin



47-Praia de San Xián



48-Punta da Pinela



49-Praia de Pinténs



50-Punta Fanequeira.
Peirao de Ameixide ou do Almacén.



51-Praia de Arneles



52-Punta Testada e praia do Cagallón



53-Porto de Vilariño



54-Praia de Vilariño e ao fondo Aldán



55-Punta de Vilariño



Punta de Vilariño e praia dos Picos



Desembocadura do Orxas en Aldán.
O río Orxas recolle as augas da aba oeste da serra da Madalena e lévaas á ría de Aldán.



Praias dos Picos e de Aldán, separadas polo río Orxas



Praia de San Cibrán ou de Aldán



Punta do Con (Aldán)



57-ALDÁN. Porto.



Praia de Sestadelo/do Almacén



58-Punta e praia da Cova da Balea



59-Punta de Pedra Rubia



60-Praia de Areacova




61-Praia do Francón



62-Punta e praia de Sartaxéns






63-Puntas Tiradouro e Mendiña do Sur



64-Punta Cativa e Laxes da Cativa



Laxes da Cativa



65-Praia de Mendiña



66-Punta de Mendiña Norte



Punta do Niño do Corvo



67-Punta de San Martiño



Os Cabezos de San Martiño



68-Punta do Altar



69-Seo e praia de Lagoelas



Vista da ria de Aldán desde o Coto de Aldao